

## MATRÍCULA

Os interesados/as deberán realizar a inscrición online en [conservatoriosantiago.com](http://conservatoriosantiago.com) e entregar na secretaría do centro ou enviar por mail o resgardo de ingreso.

[cmus.santiago@edu.xunta.es](mailto:cmus.santiago@edu.xunta.es)

### Nº de Conta

NOVA GALICIA BANCO

IBAN ES04 2080 0348 30 3040011278

Facer constar "Curso de Tuba" no resgardo do ingreso.

### DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN

21 de febreiro de 2014

## Organizan:

**Conservatorio Profesional de Música de  
Santiago de Compostela**

**Departamento de Vento-metal**

**Aula de Tuba**

**10**  
*2004-2014*  
**ANIVERSARIO**



**Curso 2013/2014**



# CURSO DE TUBA



**GUILLERMO COLLAZO  
CORTEGOSO**

**25 e 26 de febreiro de 2014**

**Guillermo Collazo Cortegoso** nace en 1984. Natural de Pontevedra, comeza aos 11 anos os seus estudos musicais co bombardino na escola da Banda de música de Salcedo, baixo a tutela instrumental de Carlos Figueira Abuín. Non tarda en incorporarse á agrupación musical da escola baixo a dirección de José Manuel Collazo Verde. Ao mesmo tempo accede ao “Conservatorio profesional de música de Pontevedra” tras superar a proba de acceso. En 2002 participa no concurso de xoves intérpretes organizado polo “Conservatorio profesional de música de Pontevedra” obtendo o segundo premio. En 2005 comeza a tocar tamén a tuba e en 2006 supera as probas de acceso ao “Conservatorio Superior de música Eduardo Martínez Torner”. En 2010 termina os seus estudos superiores con Alfonso Mollá Castells e ingresa no Conservatorio de Amsterdam para realizar os estudos de master co solista de Het Concertgebouworkest Perry Hoogendijk que finaliza en 2012.

No apartado orquestral tocou ca Joven Orquesta del principado de Asturias(JOSPA), Orquesta Sinfónica de Gijón, Joven Orquesta

Nacional de España “JONDE”. Joven Orquesta de Holanda “NJO”. Radio Kamer Philharmonic, Netherlands Philharmonichs Orkest e Het Concertgebouworkest entre outras.

Tivo a oportunidade de traballar con directores e compositores de gran prestixio nacional e internacional como; Edmon Colomer, Maximiliano Valdés, José Serebrier, Llorenç Barber, Miguel Gil Ruiz, Pablo Mielgo, Miguel Romea, Christian Zacharias, Reinbert de Leeuw, José Pascual Vilaplana, Xian Zhang, Antony Hermus, Ivan Meylemans, Michael Schønwandt, Marc Albrecht e Maris Jansons.

Na súa formación musical académica estudou con, Manuel Martínez Villar, Alfonso Mollá Castells e Perry Hoogendijk. Tamén recibíu clases maxistras de; Mel Culbertson, Jens Bjørn-Larsen, Rex Martin, Sergio Finca, Steven Mead, José Manuel Redondo e Stephan Labeyrie.

## INFORMACIÓN XERAL

**Datas: 25 e 26 de febreiro de 2014.**

Horario:

9:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:30

**Lugar:** Auditorio e Aula de cámara do Conservatorio Profesional de Musica de Santiago de Compostela.

## PREZO DO CURSO

40 €

Terá preferencia para inscribirse no curso o alumnado do centro.